

**CONCELLO PLENO**

**ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2015/05

**CARÁCTER:** CONSTITUTIVA CORPORACION

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 13 de xuño de 2015.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as **13,30 horas do día 13 de xuño de 2015** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO PARA CONSTITUCION DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL** resultante das eleccións locais que tiveron lugar o pasado día 24 de maio de 2015 e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

**Concelleiros electos presentes**

**Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas**

D.Fernando Suárez Barcia  
Dona María Luz Alvarez Lastra  
D. Vicente Castro Reigosa  
D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.  
D.Xosé Farruco Graña Rama  
Dona María Sonia Meilán Vizoso  
D.David Rivas Peña  
Dona María da Paz Ermida Igrexas  
D.Jorge Díaz Freije  
Dona Vanesa Yanes Rivas

**Por Partido Popular**

D.Jesús López Penabad  
Dona María Rosina Tosar López  
D.José Juan Estevez Fernández  
D.José María Suárez García

**Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

D.Roberto Ramos Piñeiro  
D. David Fernández Feijoo

**Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**

Dona Marta María Saiz García

**Secretario Xeral:**

D.José A.Carro Asorey

**Interventor:**

.....

**Técnico de Admón.Xeral.**

D. José Rodil Veiga

Comprobado pola Secretaría Municipal que asisten os dezasete Concelleiros electos e polo tanto existe o quorum requerido, **procédese á constitución da mesa de idade que queda integrada por Dona María Rosina Tosar López, Concelleira de maior idade como Presidente e Dona Vanesa Yanes Rivas concelleira de menor idade.** Como Secretario intervén o da Corporación municipal.

Declárase aberto o acto pola Presidencia para levar a cabo a sesión constitutiva.

**1.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACION.**

A instancia da Presidencia o Secretario Municipal informa que a totalidade dos Concelleiros electos cumpriron cos dous requisitos necesarios para a toma de posesión: Presentación da credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona e mais a presentación para o Rexistro de intereses na súa dobre vertente de patrimonio e de actividades e causas de posible incompatibilidade, efectuándose a comprobación material subseguinte das credenciais.

Procédese de seguido á promesa ou xuramento dos cargos de Concelleiros/as de acordo coa fórmula oficial prevista no Real Decreto 707/1979, previa citación de xeito individual polo Secretario, e no seguinte senso:

**Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas**

D.Fernando Suárez Barcia, promete por imperativo legal.

Dona Maria Luz Alvarez Lastra, promete.

D. Vicente Castro Reigosa ,promete por imperativo legal.

Dª Ana María Martínez Fernández, promete.

D.Xosé Farruco Graña Rama,promete por imperativo legal.

Dona María Sonia Meilán Vizoso, promete.

D.David Rivas Peña, promete por imperativo legal.

Dona María da Paz Ermida Igrexas, promete por imperativo legal.

D.Jorge Díaz Freije, promete.

### **Por Partido Popular**

D.Jesús López Penabad, xura.

D.José Juan Estevez Fernández, promete.

D.José María Suárez García, xura.

### **Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

D.Roberto Ramos Piñeiro, xura

D. David Fernández Feijoo, xura.

### **Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**

Dona Marta María Saiz García, promete.

A continuación a concelleira de menor idade que forma parte da mesa de idade dona Vanesa Yanes Rivas (do BNG) que promete por imperativo legal e a Presidenta da Mesa Dona María Rosina Tosar López (do PP) que xura o cargo.

Unha vez prestado xuramento ou promesa pola totalidade dos Concelleiros presentes, procedeuse pola presidencia a declarar formalmente constituída a nova Corporación Municipal.

## **2.- ELECCION DE ALCALDE-PRESIDENTE.-**

Por Secretaría a instancia da presidencia, dase lectura ao disposto no artigo 196 da Lei Orgánica Electoral General 5/1985, de 19 de xuño, respecto da elección de Alcalde:

“Art. 195. Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde de acordo co seguinte procedemento:

a) Poden ser candidatos todos os Concellaeiros que encabecen a súas correspondentes listas.

b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.

c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.”

Son candidatos á Alcaldía polo tanto:

**Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas**

D.Fernando Suárez Barcia

**Por Partido Popular**

D.Jesús López Penabad

**Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

D.Roberto Ramos Piñeiro

**Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**

Dona Marta María Saiz García

Por unanimidade, sen votación formal, resólvese realizar a elección de Alcalde a través do sistema de votación ordinaria a man alzada obténdose o seguinte resultado:

D.Fernando Suárez Barcia, 10 votos (dos membros da candidatura do BNG).

Toda vez que na primeira votación xa obtén a maioría absoluta dos votos dos membros da Corporación, de conformidade co preceptuado no artigo 196.b) da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, 5/1985, de 19 de xuño, e normativa complementaria, queda proclamado Alcalde-Presidente do Concello D.Fernando Suárez Barcia do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas.

A continuación o Sr. D.Fernando Suárez Barcia, promete por imperativo legal o cargo de Alcalde-Presidente e por parte da Presidenta da Mesa de idade dona María Rosina Tosar López, entrégaselle o bastón de mando, pasando o Sr.Suárez Barcia a ocupar a Presidencia da sesión como Alcalde deste Concello.

O público asistente irrumpe en aplausos.

A continuación o Sr.Alcalde procede a dar lectura ao seguinte texto a modo de discurso de investidura:

“Prezadas veciñas e veciños de Ribadeo: Hanme permitir que encete o meu discurso de toma de posesión exteriorizando a emoción que sinto despois de ter sido elixido alcalde de Ribadeo por vez terceira. Nesa emoción mestúranse sentimentos e sensacións moi variadas e fundamentalmente de gratitude, de satisfacción e de responsabilidade.

Gratitude, en primeiro lugar, ás concelleiras e concelleiros que fixeron posible cos seus votos este nomeamento. Agardo corresponder con acerto á vosa xenerosidade política. Gratitude asemade á miña familia, que, a dicir verdade, ten pasado por experiencias boas e non tan boas, pero que co seu alento e apoio téñenme permitido chegar a este momento: Á miña dona, que nunca está detrás miña, senón ao meu carón sempre, aos meus dous fillos, á miña irmá, á miña nai, e especialmente, ao meu pai Fernando que hoxe xa non está entre nós pero que permanece vivo na miña memoria, no que me mirei sempre para tentar ser unha boa persoa e

do que aprendín as mellores virtudes que eu poida ter, sobre todo na de respectar aos demais, mais nunca, nunca, axeonllarse perante ninguén.-

É certo, ademais, que, a pesares das súas dificultades e, ás veces, amarguras, non hai traballo nin posición máis honrosa e apaixonada que a de ser alcalde deste inmorrente Concello. É unha convicción ben referendada pola experiencia destes anos. Mais, sobre todas as cousas, sinto hoxe unha enorme responsabilidade. Unha responsabilidade concreta e directa perante todos os veciños e veciñas. Os que nos votaron -que foron moitos- e os que non o fixeron. E todos eles agardan do seu alcalde e do seu goberno máis feitos que palabras; máis solucións que conflitos; máis esperanzas que malos agoiros.

O traballo de todos os días do labrego que ten conta da súa colleita ou do seu gando, ou do panadeiro que fogaza tras fogaza, ou da hosteleira café tras café e o mecánico cambiando roda tras roda, todo ese traballo vai dando paseniñamente os seus froitos. Tamén nós, conversa a conversa, tramitación tras tramitación, moitas xuntanzas para dialogar e consensuar propostas... con todos eses esforzos imos convertendo en feitos os nosos proxectos. Non me quero esquecer neste día das persoas que, despois de anos de intenso traballo, decidiron dar un paso atrás por motivos diversos. Moitas grazas a Xavier Campos López, Teresa González Piñeiroa e Horacio Cupeiro Rodríguez.

A Xavier, polas súas brillantes ideas que permitiron dinamizar a actividade da mocidade; desexámoslle éxito tanto no seu cometido profesional como no eido político.

A Teresa, pola súa grande empatía. Persoa de verbo amable e sorriso ben agradecido, sempre estivo ao pé do canón tratando temas delicados con moita discreción e sen ningún afán de protagonismo ao tempo que foi un dos piares importantes na consecución do obxectivo de que Ribadeo vaia ter unha nova Residencia de Maiores. Nestes tempos de carencia as políticas sociais son, máis ca nunca, un pilar fundamental para evitar que o economicismo cego vaia deixando deitados pola cuneta a veciños e veciñas dos que nunca nos debemos esquecer.

A Horacio, pola inmensa capacidade de traballo nas súas áreas medioambientais nestes últimos oito anos. Grazas ao seu labor, Ribadeo goza nestes momentos de recoñecementos ambientais de recoñecido prestixio que posúen ben poucos concellos en Galiza e no Estado. Estes logros permítennos afrontar ademais novos retos na dinamización económica do concello e implican tamén calidade de vida para todos e todas nós. Grazas Xavier, Teresa e Horacio. Tamén un recoñecemento a outros compañeiros desta última Corporación que, aínda non sendo do noso grupo municipal, tamén fostes parte das importantes accións de goberno que entre todos levamos a cabo: Valín, Manel, Azucena, Campo, Tino e Lalo.

Parabéns tamén aos compañeiros e compañeiras que, con ilusión renovada, ides continuar comigo nos labores de goberno: a Mari Luz, a Vicente e Ana. E, como non, ás persoas que, con novos folgos, súmanse agora á nova equipa de goberno municipal: Farruco, Sonia, David, Paz, Jorge e Vanesa.

E tamén un saúdo aos outros compañeiros e compañeiras dos outros grupos da oposición que xunto connosco formaremos esta nova corporación de 17 persoas (Jesús, Rosina, Juan José, Chema, Roberto, David e Marta). Benvidos, benvidas: moito ánimo. Falta fai! Temos por diante novos retos ilusionantes que de seguro han facer agromar o Ribadeo aberto, activo, orgulloso e positivo dos vindeiros anos.

Desde que no 2007 asumimos a alcaldía de Ribadeo, puxemos en marcha importantes proxectos que consolidaron o noso concello como referente comarcal. Xa tivemos ocasión ao longo da campaña de dar a coñecer dito labor. Desde o polígono industrial, pasando polo PXOM e o novo pavillón deportivo, até a tan ansiada nova Residencia de Maiores de Ribadeo. Ademais, logramos unha promoción de Ribadeo, galega, estatal e internacional como había tempo que non se conseguía. Para sacar adiante todos estes proxectos foi fundamental o espírito construtivo e o diálogo entre todos: ao presentármonos unidos diante do mundo tivemos máis opcións para acadar os nosos obxectivos. Velaí especialmente o caso da Residencia. Mais tamén o constante diálogo cos comerciantes e os industriais de Ribadeo ten

dado froitos ben salientables.

Ese mesmo espírito é o que nos ha permitir lograr novas instalacións deportivas, novas infraestruturas públicas, abordar o relanzamento do polígono industrial, recuperar vellos proxectos xa aprobados pero anulados polos recortes drásticos noutras Administracións. E, por suposto, lograr que esa xoia que a natureza nos deu repercuta positivamente en toda a comunidade: a Praia de Augasantas ou das Catedrais ten que estar ben protexida, como non, pero ao mesmo tempo temos que lograr que as visitas que atraia redunden positivamente no resto do concello. Queremos mostrar desde aquí á Xunta de Galicia a nosa vocación de diálogo. Pero estamos a dicir “de diálogo”, non de submisión cega a unha decisión tomada ás presas desde un despacho case que parece que para amolar... e o que é peor, para perxudicarnos economicamente.

Dicimos sempre de Ribadeo que é a “Porta Norte” do país; dalgún xeito estamos a ser un dos “faros” que alumea a nivel galego e que leva á práctica políticas alternativas que nos permiten soñar cun país distinto e deseñar os proxectos, feitos cos pés no chan, que permitan levar á práctica ese soño. Fomos quen, nestes últimos anos, de fomentar o orgullo pola nosa propia historia, a nosa cultura e a nosa lingua; fomos poñendo en valor os produtos da nosa horta e do mar, temos que incidir nas posibilidades que poida abrir o Camiño de Santiago para as parroquias do interior, a actividade deportiva que se leva a cabo en Ribadeo supón un reclamo máis para visitarnos e consolida o noso deporte base; que dicir do Ribadeo indiano... Rebeirando no baúl da nosa historia de seguro haberemos de atopar novas ideas coas que continuar dinamizando a vida do noso concello.

Ideas non nos faltan; ao longo destes anos temos adquirido experiencia. E temos logrado involucrar a toda a sociedade ribadense en diferentes actuacións dándolles protagonismo. Non queremos renunciar ás nosas obrigas; somos nós quen temos que gobernar; pero sempre lograremos mellores resultados contando coa participación dos sectores afectados. Temos por diante un importante reto coa Residencia de Maiores. Estase a facer. Pero temos que lograr que a súa xestión acabe redundando positivamente nas nosas persoas maiores. E para iso volveremos a dirixirnos ao asociacionismo ribadense para defender o que nos corresponde por xustiza. Tamén temos que xuntar forzas para lograr combinar a necesaria conservación do entorno da Praia de Augas Santas co seu aproveitamento turístico. Desde aquí quero comunicar a toda a sociedade ribadense a nosa disposición, como equipo de goberno, a propoñerlle á Xunta de Galicia o noso Plan Especial. Trátase de racionalizar, non de limitar; trátase de reconducir, non de impedir; o acceso á praia e á súa contorna.

Queremos favorecer o transporte público, como habilitar buses lanzadeira desde Ribadeo para achegar a xente ata a praia; por outra banda, agora co PXOM aprobado e co resultado final do Plan Especial de Protección das Catedrais poderemos habilitar un estacionamento público de pago a unha distancia sensata do areal. Evitaremos deste xeito a aglomeración da xente alí mesmo (como en Stonehenge (Reino Unido) ou Saint Michell (Francia) ou tantos outros lugares da ben xestionada Europa, que é onde os de Ribadeo nos miramos. Ofrecerémolle a todos eses visitantes usuarios de dito estacionamento a posibilidade de recuperaren o diñeiro do tique coa condición de facer uso da nosa hostalaría ou o noso comercio local.

Ao respecto, por suposto, habilitaríase o correspondente convenio con ditos sectores. Levamos moito diñeiro investido na Praia das Catedrais; mantemos en pé ano a ano as súas instalacións de uso público; corremos cos gastos de limpeza, apostamos como nunca pola información turística dada..... Como pretenden, de antemán, asignarnos ao Concello de Ribadeo un 5% da entrada autorizada? E un 10% para o comercio e a hostalaría ribadenses? A santo de que?! Están algunhas persoas da Xunta dispostas a tropezar de novo coa mesma pedra en Ribadeo, como xa fixeron coa Residencia de Maiores? O Plan presentado hai escasas horas non foi para nada consensuado, non se escoitou ás partes; é máis, ignoráronse durante moito tempo os chamamentos feitos desde Ribadeo para buscar unha solución e agora semella que se responde á brava. Queremos pedirlle á Xunta que recapacite, que nos sentemos a dialogar con espírito construtivo; pode contar connosco para ese cometido. E se nos quere ter en fronte, alí estaremos, por riba de todo, defendendo a Ribadeo e aos seus sectores produtivos.-

Son moitos e ben importantes os retos que temos por diante. Gañas de traballar non nos faltan, humildade para escoitar aos demais xa a temos demostrado e seguiremos a levala á práctica neste novo mandato. Non aspiramos a ser perfectos, senón a ser eficaces á hora de

materializar as nosas ideas e as achegas que nos fagan os veciños e veciñas de Ribadeo. As novas tecnoloxías seguen a abrir novas posibilidades na participación veciñal na vida do Concello, e queremos exploralas e desenvolve-las aínda máis. Pero nunca deixaremos de valorar o que é o contacto directo tomando un café cun veciño, escoitando a unha veciña pola rúa, visitando un barrio ou unha parroquia nun momento de apuro, acompañando a un colectivo oprimido nun acto de protesta contra algo inxusto. Ao mesmo tempo que poñemos en marcha os grandes proxectos tamén estaremos para atender os pequenos problemas que se vaian presentando día a día. Velaí o noso compromiso con toda a veciñanza de Ribadeo.

Non quero rematar este acto sen lembrar un autor polo que sinto moita admiración, finado hai uns meses: Eduardo Galeano. A súa concepción da utopía é para min un canto á esperanza. Hai futuro porque nós podemos facer o noso futuro. Facendo camiño na procura da utopía sempre avanzaremos. Por iso é tan importante ter un motivo polo que loitar, un referente cara ao cal dirixirnos. Ribadeo: referente comarcal; porta norte da Galiza; porto que nos abre ao mundo enteiro. Non se trata de tomar prestadas as ás de Ícaro e que se esfaren en pleno vo. Non; nós, que tantos peregrinos vemos polo camiño, sabemos que paso a paso, pero de xeito constante, acádanse os obxectivos por moi ambiciosos que parezan. Que entre todas e todos sexamos quen de dar coa maneira máis acaída de levar á práctica os nosos proxectos e como dicía o noso mestre Castelao: *o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeios en realidades e as ideas en feitos*. Que así sexa. Saúde, Patria e que viva Ribadeo. Moitas grazas."

Ao rematar o discurso do Sr. Alcalde o público volta a aplaudir novamente.

Faise constar que obra no expediente da sesión conforme ao disposto no artigo 36.2 do R.O.F. a documentación pertinente do arqueo e a documentación existente relativa ao Inventario do Patrimonio Corporativo

Sendo as catorce horas e non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fé.

O ALCALDE,  
Asdo./ FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

O SECRETARIO,  
Asdo./ JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE,